

PALABRAS PRONUNCIADAS NO ENTERRO DE DON JOSE DOMINGUEZ
GUIZAN, "DON JOSE DE BEGONTE"

Un grupo de amigos quixemos decirlle a DON JOSE unhas palabras de despedida, aquí, neste acto. Quizais non sexa normal esto, pero tamén este home era especial. Ogallá que estas verbas sexan asumibles por todos vos, e sexan tamén a vosa despedida.

Estamos dando sepultura a un amigo de todos nós. Por eso estamos todos aquí. Para despedir a DON JOSE DE BEGONTE. Mañán, domingo, faría 32 anos que era cura deste pobo.

Os que o coñecfamos de perto, sabfamos que DON JOSE era moito máis ca un crego; ou ciaias, que era todo un crego. Unha especie de sublimación do que un crego ten que dar de si.

E chamabamoslle DON JOSE, porque por amigos que fóramos, apreciabamos -sin darnos conta- esa distancia que hai entre dar e recibir. DON JOSE, só soupo dar. E agora, que non está, ¿Quén nos vai dar o que el nos daba: Ese ánimo, esa forza, ese exemplo, esa vida?.

Todos sodes testigos de esa enerxía que cambeou a vida de Begonte nos últimos anos... ¿Lembrades cando convirteu aque chamizo no mellor Centro cultural da provincia de Lugo?... ¿Lembrades cando con Varela - e logo outros amigos - inventou o do Belén Electrónico e convirteu a Begonte nun novo Belén?... ¿Lembrades cando lle deu por conseguir que todo o Concello de Begonte se vise cruzado por pistas asfaltadas? ¿Lembrades cando lle deu por transforma-la igrexa parroquial nun templo moderno?... ¿Lembrades-en fin- as filificas que vos botaba cando pensaba que non andabades ó ritmo que el vos marcaba?.

Todos sodes testigos: ¿Cantos favores terá pedidos DON JOSE en vida?... Milleiros e milleiros. ¿Cantos pideu para si ou para a súa familia?... ¡Ningún!. Por eso estamos todos aquí.

Todos sodes testigos dos seus apretos económicos para mante-lo Belén... Para paga-los premios dos certámenes culturais... Para paga-los materiais das obras..

.../...

Estou firmemente convencido que DON JOSE morreu igual de probe que Xesús de Nazareth...E igual de rico :A súa riqueza é este pobo; somos todos nós. El ten, dalgún xeito, parte en todos nós. E foi o más rico de todos.

Cando viña por Lugo, chamaba a atención a súa viveza, pero tamén a súa humilde sotana, a súa vida sobria, o seu tesón... O Desexo de que Begonte, como comunidade humana, como pobo, vivira. Preocupaballe a alma dos seus feligreses, pero tamén os corpos.

Hanoso ser difícil vivir sin DON JOSE DE BEGONTE. E a súa ausencia ten que servirnos para lograr que nada do que para él tiña importancia, morra. El está aquí, darredor de nós, sorrindo, desafiándonos, animándonos: "Que ese Belén non mora! ..." "Cuidádeme a igrexa!" ..." Que vamos ma tarde coa organización dos actos!" ..." Estes nenos que non veñen ós ensaios!" ..." Os rapaces, que me veñan más axiña abri-lo Belén! ". "Que me ven más xente de fora que de Begonte ós actos!!" ... Decíamoslle que era un pouco cascarrabias, e a verdade é que era un santo.

Onte de noite, na igrexa, comentábamos que o ceo ten que estar cheo de homes coma el. Mais afnada: Que o ceo non tería sentido se non estivese cheo de Don José de Begonte. A pesar de que non pode haber moitos... Seguro que Deus non pode poñernos tan alto o listón.

O ceo ten que estar aberto para aqueles que, anque non sexan dignos, queiran atarlle os cordóns dos zapatos a Don Jose de Begonte.

Anque non sexamos capaces de darnos ós demais como él se deu... Anque non sexamos capaces de vivir como el viveu

Neste momento en que nós estamos aquí tristeiros a despedir a DON JOSE, él está xa aló enriba, no ceo, pedindo favores a Deus. Non para él, que tampouco lle fan falla. Estalles pedindo por todos nós. Gracias tamén por eso, DON JOSE.